UNIDADE 1. ACTIVIDADES PARA AUTOAVALIACIÓN.

Πρᾶξις 1

1.- Que é o Indoeuropeo? Por que se chama así?

2.- A que grupo de linguas indoeuropeas pertence o inglés? E o checo?

3. Que diferenza hai entre os dialectos naturais do grego e os literarios?

Πρᾶξις 2

4.- Cita os mecanismos e materiais máis importantes ideados polo home para a difusión da escritura.

5.- Utilízanse hoxe todos eses sistemas ou só os máis recentes?

6.- Que tipos de escritura se usaron en Grecia?

7.- Houbo un período na historia de Grecia en que desapareceu a escritura, cunha excepción. De que período se trata, a que foi debida esa desaparición e cal foi a excepción?

Πρᾶξις 3

8.- Le estes nomes propios da Xeografía de Grecia e emparéllaos coas súas transcricións que podes atopar no epígrafe *Marco Xeográfico de Grecia*

Ἑλλάς, Μακεδονία, Πέλλα, Θεσσαλία, Ὄλυμπος, Πηνειός, Ἤπειρος, Εὔβοια, Ἀττική, Βοιωτία, Θῆβαι, Δωρίς, Δελφοί, Αἰτωλία, Ἀκαρνανία, Ἰσθμός, Πελοποννησος, Μέγαρα, Κόρινθος, Ἀρκαδία, Αθῆναι.

9.- Le as seguintes palabras gregas comparándoas coas correspondentes no teu idioma e aplícalle-las normas de transcrición.

φιλάνθρωπος, ἄθεος, κόσμος, ἀμφίβιος, Φίλιππος, πορφύρα, ζῶον, θέατρον, μέτρον, εἰκών, οἰκονομία, κατηγορία, δημοκρατία, ἀπολογία, ἡγεμονία, θεολογία, δόγμα, φάντασμα, κατάλογος, φώνημα, ῥυθμός, βιόλογος, ὕμνος, φυσικός, χρονικός, ἄτομον, γυμνάσιον, εἴδωλον, πάτριος, μητρόπολις, πρόβλημα ἀθλητής, ναυτικός, ποιητής, ὑποκριτής, μοναρχικός, ὑπόθεσις, ἀναλογία, χρονικός, παράδειγμα, ῥεῦμα, ἰδίωμα, δρᾶμα, ποίημα, κίνημα, σχῆμα, σχίσμα, περίμετρον, δίαιτα. οἰκονομικός, πομπή

UNIDADE 1. ACTIVIDADES PARA AUTOAVALIACIÓN.

SOLUCIONARIO

Πρᾶξις 1

1.- Que é o Indoeuropeo? Por que se chama así?

É a lingua da que proceden o grego, o latín e outras linguas. Chámase así porque del derivan o indio e moitas linguas de Europa.

2.- A que grupo de linguas indoeuropeas pertence o inglés? E o checo?

O inglés pertence ás linguas xermánicas e o checo, ás eslavas.

3.- Que diferenza hai entre os dialectos naturais do grego e os literarios?

Os naturais están asociados a comunidades localizadas xeograficamente. Os literarios son convencionais e están asociados a xéneros literarios concretos: épica, lírica, teatro…

Πρᾶξις 2

4.- Cita os mecanismos e materiais máis importantes ideados polo home para a difusión da escritura.

Os mecanismos son variados: hai escritura tanto na frecha pintada nunha árbore para indicar o camiño, coma no máis sofisticado programa de ordenador; na pintura da Cova de Altamira, coma na derradeira novela de Saramago

Os materiais divídense en:

a) *Superficie*: pedra, barro cocido, láminas de chumbo e bronce, táboas de madeira encerada, papiro, pergamiño, papel; monitor

b) *Instrumentos*: ciceis, bureis, punzóns, para escritura en seco; cálamo, plumas de ave, pluma metálica, bolígrafo; teclado.

5.- Utilízanse hoxe todos estes sistemas ou só os máis recentes?

Hoxe úsanse sistemas máis modernos de escritura e comunicación: ordenador, fax, internet, etc., pero tamén se usan sistemas ideográficos, coma os sinais de tráfico, ou mesmo escritura xeroglífica, coma o chinés actual.

6.- Que tipos de escritura se utilizaron en Grecia?

Lineal A (en Creta), lineal B (en Creta e Micenas), silabario chipriota e alfabeto, a partir do século VIII a.C.

7.- Houbo un período na historia de Grecia no que desapareceu a escritura, cunha excepción. De que período se trata? A que foi debida a desaparición e cal foi a excepción?

Trátase do período chamado “Idade escura” (1100-800 a.C.). A desaparición foi debida á destrución da civilización micénica. A excepción foi a illa de Chipre, que conservou un silabario emparentado co lineal cretense.

Πρᾶξις 3

8.- Le estes nomes propios da Xeografía de Grecia e emparéllaos coas súas transcricións que podes atopar no epígrafe *Marco Xeográfico de Grecia*

Ἑλλάς, (Hélade), Μακεδονία (Macedonia), Πέλλα (Pela), Θεσσαλία (Tesalia) Ὄλυμπος,(Olimpo), Πηνειός (Peneo), Ἤπειρος (Epiro), Εὔβοια (Eubea),Ἀττική (Ática), Βοιωτία (Beocia), Θῆβαι (Tebas), Δωρίς (Dóride), Δελφοί (Delfos), Αἰτωλία (Etolia), Ἀκαρνανία (Acarnania), Ἰσθμός (Istmo), Πελοποννησος (Peloponeso), Μέγαρα (Mégara), Κόρινθος (Corinto), Ἀρκαδία (Arcadia), Ἀθῆναι (Atenas).

9.- Le as seguintes palabras gregas comparándoas coas correspondentes no teu idioma e aplícalle as normas de transcrición.

φιλάνθρωπος, ἄθεος, κόσμος, ἀμφίβιος, Φίλιππος, πορφύρα, ζῶον, θέατρον, μέτρον, εἰκών, οἰκονομία,
filántropo, ateo, cosmos, anfibio, Filipe, púrpura, zoo, teatro, metro, icona, economía

κατηγορία, δημοκρατία, ἀπολογία, ἡγεμονία, θεολογία, δόγμα, φάντασμα, κατάλογος, φώνημα, ῥυθμός,
categoría, democracia, apoloxía, hexemonía, teoloxía, dogma, pantasma, catálogo, fonema, ritmo,

βιόλογος, ὕμνος, φυσικός, χρονικός, ἄτομον, γυμνάσιον, εἴδωλον, πάτριος, μητρόπολις, πρόβλημα
biólogo, himno, físico, crónico, átomo, ximnasio, ídolo, patrio, metrópole , problema

ἀθλητής, ναυτικός, ποιητής, ὑποκριτής, μοναρχικός, ὑπόθεσις, ἀναλογία, χρονικός, παράδειγμα,
atleta, náutico, poeta, hipócrita, monárquico, hipótese, analoxía, crónico, paradigma

ῥεῦμα, ἰδίωμα, δρᾶμα, ποίημα, κίνημα, σχῆμα, σχίσμα, περίμετρον, δίαιτα. οἰκονομικός, πομπή
reuma, idioma, drama, poema, cinema, esquema, cisma, perímetro, dieta, económico, pompa